

DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL A DISPOSICIÓN DA CIDADANÍA GALEGA

Ana Belén Pardo, Natalia Neira, Verónica Pajón *

O Centro de Documentación Ambiental do CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) posúe un amplo e variado fondo documental aberto ao público e dispoñíbel para a súa consulta. Estas publicacións especializadas supoñen un apoio fundamental na investigación, na realización de traballos e informes técnicos, proxectos ou na preparación de saídas e actividades na natureza, xa que conta cun abano interesante de guías e roteiros.



De esquerda a dereita: Ana Belén Pardo, Natalia Neira e Verónica Pajón.

O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga xurdiu da necesidade de ofrecer á poboación galega un servizo onde atopar información e documentación sobre diferentes aspectos do noso medio natural, e así se plasma nos estatutos da institución: "O CEIDA establecerá un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de documentación". Esta necesidade de acceder á información ambiental aparece reflectida a na Lei 27/2006, na que se regulan os dereitos de acceso á información, participación pública e acceso á xustiza en materia de medio ambiente, publicada no BOE do 19 de xullo de 2006.

Co obxectivo de ofrecer un servizo de documentación útil para a cidadanía, desde o Centro procúrase adquirir materiais actuais e de contido rigoroso, sobre todo centrados no ámbito galego. Tamén cabe destacar as doazóns realizadas por institucións, así como o intercambio de publicacións con outras entidades.

O fondo documental é amplo e de temática variada: arredor de 5.000 monografías e 11.300 artigos baleirados, amais doutros materiais como audiovi-

suais, folletos... Educación ambiental, desenvolvemento sostíbel, conservación, enerxía e cambio climático, forestal, auga, cooperación... son algúns dos temas contemplados nas publicacións, as cales están dispoñíbeis para consulta e préstamo (en sala ou postal), servizos de balde para todos os usuarios e usuarias. O préstamo postal é un servizo novidoso e que está funcionando moi ben entre os usuarios e usuarias que non se poden achegar ata as instalacións do Centro de Documentación. A duración do préstamo é de quince días, e pode renovarse ao cabo destes por outros quince máis, sendo cinco o número máximo de publicacións que se poden levar de cada vez.

Cabe destacar a importancia que as novas tecnoloxías están tomando no ámbito de documentación e a información. Así, o centro de documentación súmase ao avance tecnolóxico, e ofrece un servizo de consulta a través de correo electrónico e de busca personalizada de información aos usuarios que o soliciten, o que permite resolver as necesidades informativas de forma rápida e efectiva a través de internet. Amais, na páxina web do CEIDA (www.ceida.org), pódense consultar boletíns electrónicos editados polo Centro de Documentación que amosan

unha selección das novidades editoriais adquiridas e de recursos en liña.

No último ano fíxose un maior esforzo na divulgación dos servizos ofertados, o que se traduciu nun maior número de consultas. Entre os usuarios atópanse profesores que precisan materiais para aplicar nas súas clases, investigadores da universidade que están a preparar a súa tese, estudantes que teñen que elaborar algún traballo para presentar na aula, enxeñeiros que están a desenvolver algún proxecto, técnicos municipais que requiren información sobre xestión municipal, educadores ambientais que precisan documentarse para desenvolver algunha actividade ou programa educativo, xestores ambientais, etc.

Cando se recibe unha consulta, un documentalista do Centro atende e resolve a petición coa maior brevidade posible. Nun primeiro paso, trátase de localizar toda a información existente no Centro sobre o tema solicitado, indicándolle ao usuario os libros, artigos, audiovisuais, etc., que lle poden ser de utilidade, e incluso concretando en que parte da monografía está dita información, no caso de consultas moi específicas. A maiores fanse buscas en Internet, cando é o propio usuario o que solicita documentos dixitais ou cando no propio Centro non se atopa información suficiente relacionada coa consulta. Tamén se solicita axuda a os outros centros de RECIDA.

RECIDA é a Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental, de ámbito estatal. Esta rede está constituída na actualidade por uns setenta Centros de Documentación de quince Comunidades Autónomas. Anualmente reúnen nun seminario, organizado polo CENEAM (Valsaín-Segovia) e o Parque Volcánico da Garrotxa (Girona), no cal se intercambian experiencias e se coordina a actividade da rede. Un dos proxectos é a creación do portal web do RECIDA, que poñerá a disposición da sociedade información ambiental actualizada, así como

os boletíns electrónicos de novidades dos centros, que estarán accesíbeis en liña a través desta ferramenta web.


No seu labor de divulgación da investigación científica, o Centro de Documentación xestiona as subscricións e distribución da revista *AmbientalMente Sustentable*, publicación científica galego-lusófona de educación ambiental editada polo CEIDA e a Universidade da Coruña desde 2006.

Unha das prioridades do Centro de Documentación é a creación dun catálogo en liña que permita a consulta dos fondos a distancia, e que proporcionaría unha serie de vantaxes para os usuarios: dispoñer dunha ferramenta máis personalizada, poder establecer as súas propias palabras clave e atopar fortuitamente información que non se buscaba ao inicio da consulta e que pode resultar de interese.

Desde o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga estase a traballar para que a sociedade poida exercer o seu dereito de acceso á información ambiental, e así contribuír a xerar unha poboación sensibilizada cos problemas ambientais e involucrada na procura de solucións.



O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga dispón dunha Saa de Consultas e tamén ofrece o servizo de préstamo a domicilio.



Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes. Oleiros (A Coruña)

- ▶ Aula do Mar. Centro de Visitantes do Monumento Natural
- ▶ Programa "O mar e a costa, recursos valiosos para todos" para grupos escolares e outros colectivos



▶ Máis información:

www.ceida.org
educacion@ceida.org
 981 630 618
 fax 981 614 443

